



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas clínicas IV

Materia	Prácticas clínicas IV			
Código	V53G140V01405			
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	18	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermaría (Povisa)			
Coordinador/a	Muíños Álvarez, Alicia			
Profesorado	Giráldez Miranda, Esperanza María Maldonado Arroyo, Alfonso Eduardo Marcial Pérez, José Ángel Muíños Álvarez, Alicia			
Correo-e	amuinos@cepovisa.com			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	Materia destinada á adquisición de competencias teórico-prácticas en relación cos coidados e procedementos de enfermaría no eido da atención especializada.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermaría, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada ás necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais e deontolóxicas aplicables.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural.
B6	Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B8	Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade.
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas.
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade.
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde.
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial en transformación.
B13	Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles.
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria.

B17	Realizar cuidados de enfermaría baseándose na atención integral de saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
B18	Aplicar estratexias para adoptar medidas de confortabilidade e atención de síntomas, dirixidas ao paciente e familia, na aplicación de cuidados paliativos que contribúan a aliviar a situación de pacientes en situacións de enfermidade avanzada e/ou terminal.
C4	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
C8	Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos cuidados de saúde.
C10	Identificar as respostas psicosociais das persoas ante as diferentes situacións da saúde (en particular, a enfermidade e o sufrimento), seleccionando as accións axeitadas para proporcionarlles axuda nesas situacións.
C11	Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e a familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento.
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C13	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
C17	Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar a calidade e seguridade das persoas atendidas.
C18	Coñecer e aplicar os principios que sustentan os cuidados integrais de enfermaría.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
C35	Aplicar cuidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.
C36	Coñecer os aspectos específicos dos cuidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
C37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse.
C42	Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecer.
C44	Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciá.
C49	Prestar cuidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia.
C50	Individualizar o coidado considerando a idade, o xénero, as diferenzas culturais, o grupo étnico, as crenzas e valores.
D1	Capacidade de análise e síntese.
D2	Capacidade de organización e planificación.
D3	Capacidade de xestión da información.
D4	Resolución de problemas e toma de decisións.
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe.
D6	Habilidades nas relacións interpersoais.
D7	Razoamento crítico.
D8	Aprendizaxe autónoma.
D10	Motivación pola calidade.
D11	Sensibilidade cara a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación
e Aprendizaxe

Ser capaz de participar nos coidados que teñan como finalidade garantir o maior grao de independencia das persoas nas súas necesidades básicas e específicas, tanto en atención especializada, coma en institucións sociosanitarias.

A2 B1 C4 D1
A3 B3 C8 D2
A4 B4 C10 D3
B6 C11 D4
B7 C12 D5
B8 C13 D6
B9 C17 D7
B10 C18 D8
B11 C29 D10
B12 C31 D11
B13 C33
B15 C35
B16 C36
B17 C37
B18 C42
C44
C49
C50

Ser capaz de proporcionar coidados ao paciente aplicando o Proceso de Atención de Enfermaría, establecendo unha actitude empática co paciente e familia e garantindo o dereito a confidencialidade, privacidade e dignidade.

A2 B1 C4 D1
B3 C8 D2
B4 C10 D3
B6 C11 D4
B7 C12 D5
B8 C13 D6
B9 C17 D7
B10 C18 D8
B11 C29 D11
B12 C31
B13 C33
B15 C35
B16 C36
B17 C37
B18 C42
C44
C49
C50

Contidos

Tema

Rotatorio de prácticas preprofesionais que permitan a aplicación e a adquisición de competencias dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría na práctica clínica en áreas de hospitalización, servizos especiais e institucións sociosanitarias.

Realización das actividades referidas aos periodos de prácticas clínicas nos correspondentes servizos asistenciais, aplicando coidados de enfermaría básicos e especializados, segundo as necesidades individuais de cada paciente, así como técnicas e procedementos correspondentes. Realización do cartafol-memoria do estudante en cada periodo. Elaboración de Plans de Coidados (PAE) en hospitalización.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	0	3
Estudo de casos	12	24	36
Eventos científicos	0	6	6
Prácticas clínicas	360	36	396
Informe de prácticas	0	3	3
Cartafol/dossier	0	6	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvolo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Aquel estudante asignado a hospitalización deberá levar a cabo a elaboración de catro plans de coidados.

Eventos científicos	O/a estudante poderá asistir de forma voluntaria aos eventos docentes programados vinculados ao seu servizo asignado durante o periodo de prácticas, previa autorización do responsable do mesmo e información ao titor/a.
Prácticas clínicas	O estudante desenvolverá as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión na área de Ciencias da Saúde.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	O responsable do servizo realizará o seguemento da evolución do estudante no desenrolo da súa actividade e resolverá as posibles incidencias que poidan xurdir.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a reunir información sobre os estudantes, así como presentar a materia e proporcionar información básica sobre normas e tipo de actividade desenrolada en cada un dos servizos vinculados a materia.
Estudo de casos	Plantexaráanse preguntas sobre o seguimento dun paciente ou evolución clínica do mesmo
Probas	Descrición
Informe de prácticas	O longo da primeira semana informarase sobre a súa cumplimentación, insistindo na importancia do rexistro da súa valoración persoal sobre o cumprimento de obxetivos, relación co equipo profesional, pacientes e familias, así como a súa valoración global do periodo.
Cartafol/dossier	A primeira semana explicarase ao estudante a súa cumplimentación, no que sefectuará o rexistro das actividades diarias que o/a estudante realiza ou observa diariamente, así coma o grao de dificultade das mesmas segundo a súa percepción.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Prácticas clínicas	Avaliación continua por parte do tutor/a correspondente para identificar necesidades particulares do/a estudante (25%) e do equipo/profesionais do servizo (70%), valorando a adquisición das competencias asignadas, seguindo o modelo establecido que se estrutura en: coñecementos teórico-prácticos, actitudes, habilidades e cumprimento das normas.	95	A2 A4	B1 B3 B6 B10 B11 B13 B15 B16 B17 B18	C4 C8 C11 C12 C13 C17 C18 C31 C33 C35	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8
Informe de prácticas	Informe do estudante no que se inclúe cumprimento de obxetivos, relación co equipo profesional, paciente e familia e valoración global da súa rotación no servizo asignado.	2.5	A3 A4	B11 B13 B16	C4 C8 C35 C36 C37	D1 D2 D3 D5 D6 D7 D8
Cartafol/dossier	Documento cumplimentado polo estudante que reflexa a súa percepción sobre o grao de dificultade ou observación das diferentes actividades e técnicas.	2.5	A3 A4	B11 B13 B16	C4 C8 C35 C36 C37	D1 D2 D3 D5 D6 D7 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

En caso de que o/a estudante non entregue en tempo e forma o cartafol e a memoria de prácticas, (un por periodo, tres en total), repercutirá negativamente na nota, restándose un 5% da calificación do periodo correspondente en caso de que non se cumpra con dito requerimento.

As prácticas clínicas IV están vinculados tres periodos, sendo necesario alcanzar unha calificación mínima de catro puntos sobre dez en cada unha das avaliacións para poder optar ao aprobado.

Nas unidades de hospitalización e centros sociosanitarios, realizaranse Plans de Atención de Enfermaría (PAES), que se avaliarán dentro do 25% correspondente ao titor/a (10% PAES).

As faltas de asistencia non xustificadas suporán un suspenso e a interrupción inmediata do periodo, mentres que si se trata de faltas xustificadas, permitirase un máximo de catro, que serán de recuperación obrigatoria no periodo establecido para tal fin polo responsable da asigantura.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

GLADYS G. BUSTOS, **ENFERMARÍA MATERNOINFANTIL E NEONATAL: COMPENDIO DE TÉCNICAS**, 2ª EDICIÓN, LATORRE LITERARIA, 2014

SHEEHY, **MANUAL DE URXENCIAS HOSPITALARIAS**, 6ª EDICIÓN, ELSEVIER ESPAÑA, 2007

ENFERMARÍA XINECOOBSTÉTRICA, 1ª EDICIÓN, 2009

JOHN R. HAMPTON, **ECG BÁSICA**, 7ª EDICIÓN, ELSEVIER, 2009

MARÍA TERESA LUIS RODRIGO, **LOS DIAGNÓSTICOS ENFERMEROS**, 9ª EDICIÓN., ELSEVIER MASSON, 2013

COORDINADOR EDITORIAL: CARLOS BIBAINO GUILLÉN, **MANUAL DE URGENCIAS**, 2ª EDICIÓN, ASTRAZÉNECA, 2014

MANUEL JOSÉ VÁZQUEZ LIMA Y JOSÉ RAMÓN CASAL CODESIDO, **GUÍA DE ACTUACIÓN EN URGENCIAS**, 4ª EDICIÓN, OFELMAGA S.L., 2012

AGUSTÍN JULIAN JIMÉNEZ, **MANUAL DE PROTOCOLOS Y ACTUACIÓN EN URGENCIAS**, 4ª EDICIÓN, BAYER HEALTHCARE, 2014

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas V/V53G140V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría de urxencias e coidados críticos/V53G140V01414

Introdución á enfermaría avanzada/V53G140V01415

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermaría materno-infantil/V53G140V01302

Prácticas clínicas II/V53G140V01303

Prácticas clínicas III/V53G140V01306